

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 27 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B).*

Advertidos erros no anexo da Orde do 27 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 106, do 3 de xuño), cómpre efectuar a seguinte corrección e engadir no anexo da dita orde as seguintes materias:

Habilitacións LOMCE (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa)	Habilitacións LOMLOE (Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)
Educación plástica, visual e audiovisual ESO	Expresión artística ESO
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais BTO	Matemáticas xerais BTO

